

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**Tipo Convocatoria:** Extraordinaria**Data:** 9 de xaneiro de 2025**Duración:** Dende as 20:00 até as 20:16 horas.**Lugar:** SALÓN DE PLENOS**Presidida por:** MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ**Secretaria:** CLARA ORTEGA FERNANDEZ**ASISTENCIA Á SESIÓN**

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
8451*	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924*	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	NON
7970*	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610*	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438*	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272*	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177*	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871*	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650*	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278*	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931*	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600*	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777*	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Escusas de asistencia presentadas: ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ (Vacacións)

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Expediente 1167/2024. Aprobación da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Considerando que este Concello ten interés en participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, e vistas as bases da convocatoria publicadas no BOP nº 233, do 3 de decembro do 2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/257 de 27 de decembro de 2024.

ACORDO

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025
Dato notificado que figura no seu expediente

73.588,48 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	668.885,80€	459.817,86€	209.067,94 €	73.588,48 €	135.479,46€
Investimentos: Tipoloxía i			0,00		0,00
Investimentos: Tipoloxía j			0,00		0,00

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	73.588,48 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía I	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	73.588,48 €



2.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Sr. Alcalde abre o debate explicando a urxencia e necesidade de aprobar a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal "POS+ Adicional 1/2025" para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, por un importe de 73.578,48 euros. Indica que estes fondos se destinan a dúas finalidades principais: axudas de emerxencia social e reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), anticipando un aumento nos custos derivados dunha nova licitación.

Concédesse o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen manifesta o apoio favorable do seu grupo á proposta, destacando a importancia de destinar recursos aos sectores máis vulnerables. Non obstante, critica o reparto de fondos da Deputación, subliñando que o incremento no POS social é inferior ao 1% en comparación co aumento de máis do 55% no POS ordinario. Suxire que se considere a situación particular dos concellos rurais con poboación envellecida e insta á Deputación a atender esta realidade en futuras convocatorias.

De seguido, concédesse o uso da palabra á Voceira do Grupo Municipal do BNG, D^a María Soledad Agra Tuñas, a cal indica que os fondos do POS social adoitan empregarse no financiamento do SAF, unha competencia exclusiva da Xunta, que aporta unha contía insuficiente. Valora positivamente os criterios obxectivos da Deputación para a distribución dos fondos, baseada na poboación e dispersión demográfica, e contrasta estes criterios co reparto desigual da Xunta, que non emprega criterios obxectivos. Conclúe reiterando que se as achegas provinciais non se dedicasen ao SAF, poderían ser empregadas en outras necesidades sociais.

Finalmente, o Voceiro do Grupo Municipal do Partido Socialista, D. José Antonio Caamaño Lestón súmase á petición do Grupo Popular e amplíaa, solicitando á Xunta de Galicia que equipare os prezos por hora do SAF aos da Deputación da Coruña, que considera máis xustos.

Finalizado o debate, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, resultando **APROBADA** pola unanimidade dos membros da Corporación presentes na sesión.



Expediente 1089/2024. Formación do Inventario de Bens Municipais do Concello de Outes.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Visto que, con data 26 de novembro de 2024, mediante Providencia de Alcaldía, incoouse procedemento para a formación do Inventario valorado dos bens e dereitos que constitúen o patrimonio da Entidade Local.

Visto que foi presentada pola Secretaría da Corporación a relación de bens e dereitos inventariables, apuntados por separado e segundo a súa natureza, agrupados por categorías, e indicando o estado de conservación dos mesmos, a súa valoración e a forma de adquisición, prezo e data; presentados os planos de planta e alzado de edificios e parcelarios que determinan a situación, lindero e superficie de solares, parcelas non edificadas, leiras rústicas.

Visto o Informe de Secretaría, vista a proposta de resolución PR/2024/255 de 27 de decembro de 2024, e de conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o Inventario de bens e dereitos do Concello de Outes formado en decembro do 2024, e cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

CATEGORÍA	EUROS
EPÍGRAFE 1: INMOBLES	37.302.958,09 €
1001 Terreos	233.867,17 €
1002 Edificios	1.188.965,20 €
1003 Infraestrutura pública	35.880.125,72 €
EPÍGRAFE 2: VEHÍCULOS	416.100,00 €
5001 Vehículos	416.100,00 €
EPÍGRAFE 7: MOBLES NON COMPRENDIDOS ANTERIORMENTE	514.103,49 €
7001 Maquinaria e equipamento xeral	186.378,39 €
7002 Mobiliario, enseres e equipos de administración	288.989,13 €
7003 Equipos procesos de información	24.726,50 €
7101 Actividade cultural, de ocio e espectáculos	7.802,78 €
7102 Actividade sanitaria	6.206,69 €
TOTAL: 38.233.161,58 €	



SEGUNDO. Remitir copia íntegra do mesmo á Administración da Comunidade Autónoma.

O Sr. Alcalde introduce o punto explicando que o Concello de Outes non dispuña dun inventario de bens municipais consolidado, a pesar de tratarse dunha obrigaón legal, e que a súa elaboración realízase ao abeiro dun programa da Deputación da Coruña. Destaca tres aspectos fundamentais deste documento: a súa obrigatoriedade legal, a súa utilidade para garantir a seguridade xurídica na acreditación da propiedade dos bens municipais e a súa relevancia para reforzar a contabilidade municipal. Salienta que, aínda que o documento pode conter erros ou imprecisións iniciais, é unha ferramenta viva que se pode corrixir e mellorar co tempo.

De seguido, concédese o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, que expresa reservas sobre a rigorosidade do documento, detallando erros detectados, como datas de adquisición e valores de bens incongruentes. Exemplifica con casos concretos, como o Centro Náutico Francisco Rama “Fufú”, atribuído ao ano 1920, e unha desbrozadora cun valor de adquisición erróneo. Solicita unha revisión exhaustiva previa á aprobación e anticipa a abstención do seu grupo na votación.

O Sr. Alcalde defende a necesidade de contar cun inventario, mesmo con erros iniciais, e comprométese a iniciar de inmediato as revisións necesarias para corrixir as deficiencias.

Durante o debate, sendo as 20:14 h, incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. Carlos Leis Pedrosa, ausente ata ese momento, quedando o Pleno composto por un total de 12 membros.

Finalizado o debate, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, resultando **APROBADA** por 6 votos a favor (C.O e BNG), e 6 abstencións (Partido Popular e PSOE).

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:16 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

